

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de febreiro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Jesús Lago Rey

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de febreiro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local acctal., Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(124).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 27 de febreiro de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(125).- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO AS ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS E ACORDOS DA X.GOVERNO LOCAL SOBRE O “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO E XESTIÓN DUN CENTRO DE ACOLLIDA POLIVALENTE EN VIGO”. EXPTE. 7744/101.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 2.02.12, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Con data 06 de maio de 2011 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Emaús Fundación Social para a posta en funcionamento e xestión dun centro de acollida polivalente en Vigo.

Con data 23 de setembro de 2011 e, previo os informes pertinentes, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar modificación do acordo da XGL de 06 de maio devandito, sobre a aprobación do convenio entre Concello de Vigo e Emaús Fundación Social para a creación dun centro de acollida polivalente en Vigo.

Nembargantes todo o devandito, o convenio de mención non se asinou, e con data 30 de novembro de 2011, o órgano mentado acordou aprobar a cesión de uso dos bens patrimoniais da Fundación "Casa del Pescador – Institución Valeriola" ao Concello para a instalación do Centro de Acollida Polivalente, polo que SE SOLICITA A XGL ADOPTAR O SEGUINTE ACORDO:

1. "Deixar sen efecto as actuacións administrativas do expediente 7744-101 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de maio de 2011 e 23 de setembro de 2011 sobre a aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Emaús Fundación Social para a posta en funcionamento e xestión dun centro de acollida polivalente en Vigo, e proceder ao arquivo do expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(126).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE VIGO NO ANO 2012. EXPTE. 13477/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 17.01.12, conformado pola concelleira delegada da Área de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012.

ZONA 1.

PEDRO M^a VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 11.904.805-M) Pertence ao Grupo A2

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.
2. CPI Celso Emilio Ferreiro.
3. EEI Cristo da Victoria.
4. CEIP Illas Cies
5. CEIP Escultor Acuña.
6. CEIP Seis do Nadal.
7. CEIP Pintor Laxeiro.

ZONA 2.

MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ (NIF 36.000.484-X) Pertence ao Grupo C1

- CEIP Josefa Alonso.

- CEIP Otero Pedraio.
- CEIP Ría de Vigo.
- CEIP Igrexa-Valadares.
- CEIP Sobreira-Valadares.
- EEI Monte do Alba.
- EEI Zamáns.
- CEIP García Barbón.

ZONA 3.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N) Pertence ao Grupo C1

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. EEI Palencia.
6. EEI Monte da Guía.
7. EEI Villalaura.
8. EIM Bouzas
9. EIM Tomás Alonso

ZONA 4.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF 36.046.809-J) Pertence ao Grupo A1

- CEIP Candeán Igrexa.
- CEIP Candeán Fonteescura.
- CEIP Alcabre- Javier Sensat.
- CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
- CEIP Navia A. R. Castelao.
- CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
- CEIP Mosteiro-Bembrive.
- CEIP Chans-Bembrive.

ZONA 5

BEATRIZ ALONSO ASENJO (NIF: 35.991.455-C) Pertenece ao Grupo A2

1. CEIP Frián- Teis
2. CEIP Paraixal
3. CEIP San Salvador (Teis)
4. CEIP Vicente Risco
5. CEIP Altamar
6. CEIP Canicouva- Pereiró
7. CEIP Mestres Goldar

ZONA 6

FELIPE CODESIDO RODRIGUEZ (NIF: 36.081.823-K) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Santa Mariña (Cabral)
2. CEIP Sello
3. CEIP Carballal (Cabral)
4. CEE Saladino Cortizo

5. CEIP Carrasqueira-Coruxo
6. CEIP A Paz-Tintureira
7. CEIP Coutada-Beade

ZONA 7

ALFONSO SILVA LORENZO (NIF: 36.002.568-R) Pertenece ao grupo C2

1. CEIP Sárdoma-Moledo
2. CEIP Lope de Vega
3. CEIP Balaídos
4. CEI Doutor Fleming
5. CEIP A Doblada
6. CEIP O Pombal
7. CEIP Eduardo Pondal

ZONA 8

ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ (NIF: 36.058.643-W) Pertenece a grupo C1

1. E.E.I O Nogal
2. E.E.I Hernán Cortés
3. E.E.I Carmen Xiráldez
4. CEP Santa Tegra
5. CEIP Valle Inclán
6. CEIP Ramón y Cajal

Segundo.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e C e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

A previsión do gasto anual polo concepto “Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de 12.000.-€, con cargo á partida 3210.233.00.00 do presuposto de 2012.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocará, cando menos, quincenalmente.

4(127).- ADXUDICACIÓN E DENEGACIÓN DAS BOLSAS “ALCALDÍA DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, CURSO 2011-2012. EXPTE. 13180/332.

Dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 26.12.11, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 21 de Decembro de 2011, adoptou, o seguinte acordo: "Resolución da convocatoria das Bolsas "Alcaldía de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, curso 2011-2012. (Expte 13180/332)".

A base décimo primeira da devandita convocatoria no seu apartado de "aceptación da axuda", recolle que o alumnado beneficiario das bolsas deberá presentar asinado no Servizo de Educación do Concello de Vigo, unha aceptación ou renuncia expresa da bolsa segundo modelo do Anexo IV nun prazo de tres días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias. Igualmente e coa finalidade de poder librar o primeiro 50% da bolsa no momento da concesión, os beneficiarios/as tamén deberán entregar un pre-contrato asinado cunha empresa ou entidade que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV).

Requerida a documentación citada na base décimo primeira, de todos e cada un dos 72 beneficiarios/as propostos das bolsas "Alcaldía de Vigo", resulta que aceptan expresamente a bolsa 68 deles, coa presentación positiva do anexo IV e o pre-contrato asinado. Esta documentación pasa a incorporarse aos respectivos expedientes de cada un dos beneficiarios, que figuran arquivados nas dependencias do Servizo de Educación, como órgano xestor da referida iniciativa municipal.

De igual xeito, Ademáis disto, téñense producido e verificado as seguintes modificacións:

- 3 dos bolseiros/as directos das bolsas "Alcaldía de Vigo" para o idioma de lingua inglesa (estancia en Londres), e 1 bolseira directa do idioma portugués, renuncian voluntaria e expresamente ao desfrute da bolsa "Alcaldía de Vigo" coa presentación negativa do anexo IV, que pasa a incorporarse aos respectivos expedientes.

- O bolseiro Manuel Hermo Verísimo (expte. IN-001) co NIF 36051947E, 1º seleccionado como bolseiro directo de inglés, achega escrito solicitando se subsane o erro involuntario de adscribilo a un idioma que non lle corresponde, xa que consta no seu expediente académico matrícula no idioma portugués. Comprobado documentalmente o exposto, Manuel Hermo Verísimo, pasa a incorporarse como 1º seleccionado e bolseiro directo de portugués, deixando vacante unha praza no idioma inglés.

- O bolseiro directo de inglés, Pablo Barros Ribeiro (IN-017) co NIF 36126844P, indica que o seu segundo apelido correcto é "Riveiro", o cal se verifica documentalmente.

- A bolseira directa de alemán, Antía Pérez Alonso (AL-003) co NIF 36087824L, indica que o seu segundo apelido correcto é "Ferreiro", o cal se verifica documentalmente.

OS TRES BENEFICIARIOS/AS DAS BOLSAS "ALCALDÍA DE VIGO" PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) E O BENEFICIARIO DE PORTUGUÉS (LISBOA) QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA, SON OS SEGUINTEs:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN-028	Collarte Martínez	Vanesa	36156957Z	9,5
IN-030	Docampo Blanco	Pedro	36147311M	9,2
IN-035	Couceiro Feijoo	María del Pilar	36135074G	7,8
P-005	Rodríguez Pérez	Ana	36144151L	8,8

O 1º BENEFICIARIO BOLSEIRO DIRECTO DO IDIOMA PORTUGUÉS PASA A SER O SE-
GUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN-001	Hermo Verísimo	Manuel	36051947E	9,8

OS DATOS PERSOAIS CORRECTOS DOS DOUS BOLSEIROS DE INGLÉS E ALEMÁN QUE
O SOLICITAN SON OS SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN-017	Barros Riveiro	Pablo	36126844P	4,7
AL-003	Pérez Ferreiro	Antía	36087824L	9,2

Continuando o proceso, e segundo recolle a base oitava “criterios de valoración” da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; pasan a ter consideración de beneficiarios/as das bolsas “Alcaldía de Vigo” os primeiros catro integrantes da lista de agarda para o idioma de inglés (estancia en Londres), os cales presentan en prazo e forma a documentación requirida que se incorpora aos seus expedientes.

OS CATRO INTEGRANTES DA LISTA DE AGARDA BOLSAS “ALCALDÍA DE VIGO” PARA O
IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PASAN A TER A CONSIDERACIÓN DE
BOLSEIROS/AS, SON OS SEGUINTE:

EXP- TE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/ A	NIF ALUMNO/A	PUN- TOS	Nº CONTA BANCARIA
IN-023	Sánchez Otero	Nuria	53185332V	3,5	0049 0939 60 2590176771
IN-024	Rodríguez Calviño	Silvia	36140472C	3,5	0130 3018 97 0209941028
IN-057	Crende Fernán- dez	Iván	36177320E	3,2	2038 4015 483000164123
IN-025	Malvar Doporto	Moisés	36120581R	3,2	2080 5218 78 3000014750

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(128).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE RESIDUOS DA OBRA “HUMANIZACIÓN RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE II” . EXPTE. 2054/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.02.12, que di o seguinte:

Obra: “HUMANIZACIÓN RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE II”. Expte. 2016/443.

Localidade e situación: E. MARTÍNEZ GARRIDO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JOSÉ A. FERNÁNDEZ AGUILERA

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JOSÉ A. FERNÁNDEZ AGUILERA

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JOSÉ A. FERNÁNDEZ AGUILERA

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: DNA. CRISTINA FERNÁNDEZ SANTANA (SERCOYSA, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO Titulación: ARQUITECTO TÉCNICO

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. JOSÉ LUIS VALIÑAS BARREIRO. (SERCOYSA, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.)

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

Na súa consecuencia, PROPONSE O SEGUINTE:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “HUMANIZACIÓN RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE II” .*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade La-

boral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(129).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE RESIDUOS DA OBRA “HUMANIZACIÓN DOUTOR MARAÑÓN”. EXPTE. 2070/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.02.12, que di o seguinte:

Obra: HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR MARAÑÓN. Expte. 2014/443

Localidade e situación: DR. MARAÑÓN

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JAVIER ZUBÍA FERNÁNDEZ (SOLTEC INGENIEROS)

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL

Contratista titular do plan: C. ALDASA S.L.U.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JAVIER ZUBÍA FERNÁNDEZ (SOLTEC INGENIEROS)

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JAVIER ZUBÍA FERNÁNDEZ (SOLTEC INGENIEROS)

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: JORGE RÍOS VÁZQUEZ (C. ALDASA S.L.U.)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: ROBERTO PÉREZ PROL Titulación: ENXEÑEIRO T. AGRÍCOLA

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: C. ALDASA, S.L.U.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da

empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requereidas polo R.D. 105/2008, para propoñer a súa aceptación.

Na súa consecuencia, PROPONSE O SEGUINTE:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra HUMANIZACIÓN RÚA DOUTOR MARAÑÓN .
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria C. ALDASA S.L.U. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(130).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE RESIDUOS DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA NICARAGUA” . EXPTE. 2071/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.02.12, que di o seguinte:

Obra: HUMANIZACIÓN RÚA NICARAGUA Expte. 2012 /443

Localidade e situación: RÚA NICARAGUA

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: EIRIÑA S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MARCOS ORZA OCAMPO (EIRIÑA)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS) Titulación: ENXEÑEIRO DE MINAS

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. MARCOS ORZA OCAMPO

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

Na súa consecuencia, PROPONSE O SEGUINTE:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra HUMANIZACIÓN RÚA NICARAGUA .
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria EIRIÑA S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(131).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE RESIDUOS DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO. FASE II”. EXPTE. 2072/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.02.12, que di o seguinte:

*Obra: “HUMANIZACIÓN AVDA. RAMÓN NIETO-FASE II, NA CIDADE DE VIGO”.
Expte.: 2009/443*

Localidade e situación: AVDA. RAMÓN NIETO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA.

Contratista titular do plan: HIDROMIÑO, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. ANGEL M. RONCERO DÍEZ (HIDROMIÑO, S.L.)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO Titulación: ARQUITECTO TÉCNICO

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. JUAN PIÑEIRO NOGUEIRA (HIDROMIÑO, S.L.)

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

Na súa consecuencia, PROPONSE O SEGUINTE:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "HUMANIZACIÓN AVDA. RAMÓN NIETO-FASE II, NA CIDADE DE VIGO".*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria HIDROMIÑO, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(132).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE RESIDUOS DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA MENÉNDEZ PELAYO”. EXPTE. 2073/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.02.12, que di o seguinte:

Obra: HUMANIZACIÓN RÚA MENÉNDEZ PELAYO. Expte.: 2013/443

Localidade e situación: RÚA MENÉNDEZ PELAYO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.U.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. EDUARDO REY GARCÍA (CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.U.)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL Titulación: ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. EDUARDO REY GARCÍA (CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.U.)

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

Na súa consecuencia, PROPONSE O SEGUINTE:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra HUMANIZACIÓN RÚA MENÉNDEZ PELAYO .*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.U. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(133).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE RESIDUOS DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR COLMEIRO (ENTRE RÚA TARRAGONA E RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO”. EXPTE. 2074/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.02.12, que di o seguinte:

Obra: “HUMANIZACIÓN RÚA PINTOR COLMEIRO. TRAMO: RÚA TARRAGONA-ÁLVARO CUNQUEIRO”. Expte.: 2008/443.

Localidade e situación: PINTOR COLMEIRO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. ÁLBERTO MORENO PIKE

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL

Contratista titular do plan: ORESA, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. ÁLBERTO MORENO PIKE

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. ÁLBERTO MORENO PIKE

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOAQUÍN BERMÚDEZ PÉREZ (ORES, S.L.)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL Titulación: ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. JOAQUÍN BERMÚDEZ PÉREZ (ORES, S.L.)

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requeridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

Na súa consecuencia, PROPONSE O SEGUINTE:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "HUMANIZACIÓN RÚA PINTOR COLMEIRO. TRAMO: RÚA TARRAGONA-ÁLVARO CUNQUEIRO".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ORESA, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(134).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE RESIDUOS DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL". EXPTE. 2075/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.02.12, que di o seguinte:

Obra: HUMANIZACIÓN RÚA BRASIL Expte. 2010 /443

Localidade e situación: RÚA BRASIL

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, DNA. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: MOVEXVIAL, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, DNA. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, DNA. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: BEATRIZ FERNÁNDEZ ESTÉVEZ (MOVEXVIAL, S.L.)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS) Titulación: ENXEÑEIRO DE MINAS

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición:

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

Na súa consecuencia, PROPONSE O SEGUINTE:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra HUMANIZACIÓN RÚA BRASIL .
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria MOVEXVIAL, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(135).- MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, ANO 2012. EXPTE. 5272/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.01.12, o informe de fiscalización, do 6.02.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 2.02.12, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 10.000,00 Euros, con cargo á partida 2311 4800000 do orzamento vixente, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero, facultando á Con-

celleira delegada de Igualdade para a concesión das concretas axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero.

2º.- Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 10.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia M^a Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.

3º.- Aprobar o marco de actuación do proxecto de subvencións directas de axudas económicas de apoio para ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

0.-FUNDAMENTACIÓN:

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.

A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter baixo o seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de case dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que a administración lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que lles facilite unha vida autónoma, independente e favorezca a ruptura co agresor.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Para acadar ese fin apróbase o presente marco de actuación para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas de carácter individual en relación a asistencia e apoio de emerxencia das mulleres victimas de violencia de xenero para o ano 2012 coa definición do criterio específico, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica en relación as subvencións dentro das bases de execución do orzamento prorrogado de 2012 e recollidos na "base 38ª".

En relación o cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

O procedemento de concesión destas axudas, realízase previa valoración do equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e/ou Centro de Emerxencia para mulleres maltratadas, equipos que traballan coordinadamente na recuperación integral da muller.

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto a seguinte partida e importe:

Partida	Importe
---------	---------

2311.480.00.00	10.000,00 €.
----------------	--------------

Non obstante, si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

Por todo isto, cómpre manter unha consignación presupostaria anual para continuar con esta medida de apoio e atención ás vítimas de violencia de xénero. A concesión destas axudas tramitaranse de acordo coas seguintes bases específicas:

I.- BENEFICIARIAS

Mulleres vítimas de violencia de xénero que estén a tratamento nos dispositivos específicos de atención á muller do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou vivendas de protección. No caso de que a muller padeza lesións psicolóxicas ou físicas que imposibiliten a recepción da axuda, está poderáse conceder a algún membro/a da súa familia. Esta última circunstancia deberáse acreditar no informe técnico da proposta.

II. FINALIDADE

As axudas económicas aprobadas ao abeiro deste marco de actuación destinaranse a sufragar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura co agresor, que non poidan ser cubertos pola economía da beneficiaria.

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

III.- PROCEDEMENTO E VALORACIÓN

A proposta de adxudicación desta axuda económica partirá das traballadoras sociais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) ou do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero, segundo a beneficiaria esté sendo atendida por un ou outro dispositivo.

A traballadora social, funcionaria municipal, cubrirá a solicitude segundo o Anexo I. No informe social emitido deberá quedar acreditada as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos devanditos gastos así como a urxencia e a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas por parte doutros servizos sociais. O importe máximo da axuda establécese en 600 €, agás causas urxentes debidamente xustificadas.

Previa conformidade da xefa do servizo, a Concelleira delegada de igualdade será quen teña a facultade de conceder estas axudas emitindo o correspondente Decreto coa resolución.

En ausencia da traballadora social, e con carácter excepcional, calquera outra técnica da concellería de Igualdade poderá cursar a devandita solicitude co conforme da xefa do servizo de Igualdade.

IV.-XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

As axudas concedidas para cubrir necesidades básicas como poden ser os cartos de peto ou manutención, quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, e unha declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica. As mulleres que sexan beneficiarias de axudas por calquera outro concepto deberán presentar ademais facturas ou comprobantes do gasto efectuado.

V.- DEPARTAMENTO RESPONSABLE

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello.

VI.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO:

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e/ou do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero, segundo cada caso.

No expediente deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda (anexo 1). Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida elaborárase unha memoria anual que reflicta cando menos:

- a) número de beneficiarias
- b) finalidade da axuda
- c) importe das axudas
- d) seguimento dos destinos da axuda
- e) número de solicitudes denegadas
- f) motivo de denegación de solicitudes"

PROTOCOLO ANEXO 1

Solicitud de Axudas económicas para mulleres en situación de violencia de xénero

Informe emitido por:.....

Traballadora social do servizo.....

Expediente aberto no CMIDM, núm.....

Expediente aberto no Centro de Emerxencia, núm

Usuaría da rede de acollemento: SI/NON

Centro de Emerxencia Data de ingreso.....

 Data de baixa.....

Vivenda de protección Data de ingreso

 Data de baixa.....

1.- DATOS IDENTIFICATIVOS E FAMILIARES

NOME E APELIDOS.....

IDADE.....

NACIONALIDADE.....

ÚLTIMO CONCELLO DE RESIDENCIA

FORMACIÓN.....

OCUPACIÓN.....
ENDEREZO.....
NÚM.FILLOS/FILLAS.....IDADES.....
NÚM.PERSOAS DEPENDENTES ECONOMICAMENTE DA MULLER.....

2.- SITUACIÓN ECONÓMICA DA BENEFICIARIA

3.- FUNDAMENTACIÓN DA URXENCIA

4.- DESCRIPCIÓN DA AXUDA CONCEDIDA (descripción do gasto e importe)

5.- TIPO DE AXUDA CONCEDIDA:

- Desprazamento:.....
- manutención:.....
- cartos de peto:.....
- alugueiro.....
- Outra (especificar).....

6.- OUTROS DATOS DE INTERESE: (derivacións, seguimento, etc)

- CONTÍA TOTAL CONCEDIDA.....
- DATA DE CONCESIÓN.....
- Documentos xustificativos:(indicar).....
- Data.....

A TRABALLADORA SOCIAL

Dª.....

Conforme:
A xefa do Servizo

Cristina Gómez García

13(136).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO LEVANTAMENTO DEFINITIVO DE DEPÓSITO DA OBRA “ASUNCIÓN DE LA VIRGEN, DE LUCA GIORDANO” PROMOVIDO POLO MUSEO NACIONAL DEL PRADO. EXPTE. 4547/337.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

14(137).- PROCEDIMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA O APROVEITAMENTO PRIVATIVO DO

INMBOLE “CAFETERÍA-MIRADOR DO CASTRO” SITO NO PARQUE DO CASTRO DE VIGO. EXPTE. 18694/240.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

15(138).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DE D. SERGIO SANGIAO VARELA, POLICIA EN PRÁCTICAS, UNHA VEZ SUPERADO O REGULAMENTARIO CURSO SELECTIVO NA AGSP. EXPTE. 22795/220.

Visto o informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 7.02.12, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Gobernolocal acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario de carreira con cargo a praza de Policía Local, pola quenda libre ao funcionario en prácticas D. SERGIO SANGIAO FILGUEIRA, con DNI nº 36.136.889-W, nº persoal 81936, que superou o regulamentario curso selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública.

Segundo.- O aspirante nomeado deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira con efectos do día 21 de xaneiro de 2012”.

16(139).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA DE TRES ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLA QUENDA LIBRE, CON CARGO A PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA OEP 2008. EXPTE. 22783/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 3.02.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario/as de carreira, con cargo á prazas vacantes de Administrativo/a de Administración Xeral, o/ás seguinte/s aspirantes propostos polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios da oposición, pola quenda libre e obtiveron as máximas cualificacións nas probas selectivas de que constou a mesma:

- D^a. BENILDE BILBAO ECHEGARAY, con DNI nº 36.040.314-G, cunha puntuación de 27,125 puntos.
- D. GUILLERMO JOSÉ GARCÍA BUJALANCE, con DNI nº 75.714.425-N, cunha puntuación de 23,695 puntos.
- D^a. MARÍA ISABEL IGLESIAS LÓPEZ, con DNI nº 35.454.450-L, cunha puntuación de 23,125 puntos.

Segundo.- Os presentes nomeamentos únicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario/as de carreira, que deberán realizarse no prazo de 1 mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuadas, no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- O presente acordo notifíquese ao/ás interesado/as, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RR.HH.), xefes/as dos Servizos e Areas donde sexan adscritos o/as funcionario/as nomeados e, Comité de Persoal.

Cuarto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

17(140).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIAS DE CARREIRA DE DOCE AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLA QUENDA LIBRE, CON CARGO A VACANTES INCLUÍDAS NA OEP 2008. EXPTE. 22789/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 7.02.12, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionarias de carreira, con cargo á prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral, ás seguintes aspirantes propostas polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios da oposición, pola quenda libre e obtiveron as máximas cualificacións nas probas selectivas de que constou a mesma:

- D^a. RAQUEL IGLESIAS BAS, con DNI nº 36.153.642-B, cunha puntuación de 19,828 puntos, pola quenda de reserva para discapacitados.
- D^a. LAURA ALONSO CRESPO, con DNI nº 53.187.479-W, cunha puntuación de 28,733 puntos.
- D^a. MARIA BEATRIZ LAGO DIOS, con DNI nº 36.116.679-D, cunha puntuación de 28,167 puntos.
- D^a. ELEAZAR B. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 36.114.501-Q, cunha puntuación de 27,466 puntos.
- D^a. LAURA MONTEMUIÑO LAGO, con DNI nº 36.160.757-L, cunha puntuación de 26,976 puntos.

- D^a. SARA CASTRO CERQUEIRA, con DNI nº 36.104.011-Z, cunha puntuación de 26,790 puntos.
- D^a. PATRICIA GONZÁLEZ ESTÉVEZ, con DNI nº 36.114.564-X, cunha puntuación de 26,641 puntos.
- D^a. ESTÍBALIZ GARCÍA GUNTIÑAS, con DNI nº 53.170.119-F, cunha puntuación de 26,604 puntos.
- D^a. MARÍA LANDÍN LORENZO, con DNI nº 36.091.653-F, cunha puntuación de 25,986 puntos.
- D^a. M^a. ÁNGELES LANDÍN LORENZO, con DNI nº 36.091.654-P, cunha puntuación de 25,525 puntos.
- D^a. SANDRA MOREIRA PÉREZ, con DNI nº 44.823.867-H, cunha puntuación de 24,825 puntos.
- D^a. SUSANA M^a. FERNÁNDEZ BANET, con DNI nº 44.077.249-A, cunha puntuación de 24,623 puntos.

Segundo.- Os presentes nomeamentos únicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario/as de carreira, que deberán realizarse no prazo de 1 mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuadas, no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- O presente acordo notifíquese ás interesadas, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RR.HH.), xefes/as dos Servizos e Áreas donde sexan adscritas as funcionarias nomeadas e, Comité de Persoal.

Cuarto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

18(141).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVICIO A D. FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ-YEBRA PIMENTEL. EXPTE. 22299/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da titular da Asesoría Xurídica, do 19.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer o dereito a unha indemnización a favor de D. Francisco Javier Gonzalez-Yebra Pimentel por importe de 290,50 €, con imputación á aplicación orzamentaria 9220.2260400 ("Gastos xurídicos e notariais") do orzamento municipal vixente, en concepto de gastos procesuais, por ter comparecido e declarado en

calidade de testemuña ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no RC-A número 4593/2008.

Que pola unidade xestora se solicite, con arranxo ao procedemento establecido, á autoridade xudicial, o resarcimento da cantidade abonada ao interesado.

19(142).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO A REDUCCIÓN DE XORNADA DA FUNCIONARIA D^a ESTÍBALIZ GARCÍA GUNTIÑAS. EXPTE. 22787/220.

Dáse conta do Decreto de data 27.01.12, polo que o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

DECRETO

A través de escrito de data 27 de xaneiro de 2012 (doc. nº 120009264) D^a Estíbaliz García Guntiñas (nº persoal 79157), auxiliar administrativa interina adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita deixar sen efecto a redución de xornada autorizada por resolución de data 31 de xaneiro de 2011, consistente na metade do seu horario laboral (de 08,00 a 11,30 horas).

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 17 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

Deixar sen efecto a partir do vindeiro día 1 de febreiro de 2012, a redución de xornada solicitada por D^a Estíbaliz García Guntiñas (nº persoal 79157), auxiliar administrativa interina adscrita ao Servizo de Benestar Social, debendo percibir a partir do dito día as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo de Benestar Social, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (inspector auxiliar de persoal, técnico de organización e planificación e negociado de Seguridade Social), e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(143).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 6/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2, DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 1160/2010 EN CONCEPTO DE CANTIDADES (CELIA MONASTERIO ROLDAN). EXPTE. 22736/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.01.12, dáse conta do informe xurídico-proposta da técnica de xestión, do 20.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 26 de maio de 2011, o Xulgado do Social Nº 2 dos de Vigo, dictou sentenza no procedemento 1160/2010, interposto por D^a Celia de Monasterio Roldán, na que se falla literalmente que:

“Que estimando la demanda interpuesta por D^a Celia de Monasterio Roldán, debo condenar y condeno al Ayuntamiento de Vigo a abonar como diferencias salariales la cantidad de 14.154,73 €, más el interés por mora en cómputo anual y aplicable exclusivamente a los conceptos salariales.”

2.- Con data 12 de xaneiro de 2012, pola representación legal do Concello remitiuse auto e decreto do Xulgado do Social Nº 2 instando a execución de títulos xudiciais por importe de 14.154,73 € de principal.

4.- Con data 4 de novembro de 2010 solicitaronse instrucións á Asesoría Xurídica Municipal en relación con outra sentenza de igual fallo, remitindo o Titular da Asesoría a este Servizo de Recursos Humanos con data 10 de novembro seguinte, no que manifesta a procedencia de executar a resolución xudicial firme.

5.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo da cantidade a percibir polos interesados, correspondente as diferenzas entre o percibido e o deixado de percibir durante o período do 1 de agosto de 2009 a 31 de xullo de 2010.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que a Ley 36/23011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 uha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 14.154,73 € con cargo á partida 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" e da parte correspondente a seguridade social por importe de 5.449,55 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

		CNAE	SS EMPRESA	SS TRABAJA-DOR	IRPF
		1%	31,10%	6,40%	15%
2009	6.177,04	61,77	1.921,06	395,33	926,56
2010	7.977,69	79,78	2.481,06	510,57	1.196,65

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 6/2010 do Xulgado do Social nº 2 dos de Vigo, no procedemento 1160/2010, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Celia de Monasterio Roldán, con DNI 36088476-G, en relación coa sentenza nº 296/2011 de abono de diferenzas salariais no período comprendido entre o 1 de agosto de 2009 e o 31 de xullo de 2010, por importe de 14.154,73 €.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (905,9 €) e IRPF (2.123,21 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social nº 2 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3627 0000 64 000612. (11.125,65 € que deberá percibila traballadora)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello

no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(144).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS 7/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3, DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 927/2010, EN MATERIA DE CANTIDADES (NURIA VILASOA NÚÑEZ). EXPTE. 22735/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.01.12, dáse conta do informe xurídico-proposta da técnica de xestión, do 19.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 21 de outubro de 2011, o Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, dictou sentenza nº 539/2011, no procedemento 927/2010, interposto por D^a Nuria Vilasoa Núñez, na que se falla literalmente que:*

“Que estimando la demanda interpuesta por D^a Nuria Vilasoa Núñez, debo condenar y condeno al Ayuntamiento de Vigo a pagar a la mencionada actora la cantidad de 7.485,38 €”.

2.- *Pola representación legal do Concello, interpuxose recurso de suplicación. Posteriormente por dita representación remítese informe xurídico no que se manifesta que existe xurisprudencia do TS onde que os efectos non poden producirse só a partir do exercicio de opción, senon que se retrotraen a todo o tempo que durase dita situación, de tal maneira que a reclamación das diferenzas salariais non poderán limitarse aos devengos posteriores á declaración da existencia de cesión, senon tamén os anteriores, concluíndo que non sería incongruente o desestimento de dito recurso, polo que polo órgano competente a acordar a presentación do desestimento, acordándose con data 19 de decembro ter por desistida a esta parte e declarando firme a resolución recaída.*

3.- *Con data 16 de xaneiro de 2012, por dito Xulgado remítese auto e decreto instando a execución de títulos xudiciais por importe de 7.485.38 € de principal correspondente a diferenzas salariais do ano 2009 e 1.497.00 € provisionais de intereses e costas.*

4.- *Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo da cantidade a percibir polos interesados, correspondente as diferenzas entre o percibido e o deixado de percibir durante o período do 1 de agosto de 2009 a 31 de xullo de 2010.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a

colaboración requirida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra "Dêfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas. En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/23011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 8.982,38 € (7.485,38 € de principal máis 1.497,00 de intereses) con cargo á partida 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" e da parte correspondente a seguridade social por importe de 2.881,86 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

	CNAE	SS EMPRESA	SS TRABAJA-DOR	IRPF	
	1%	31,10%	6,40%	15%	
2009	7.485,38	74,85	2.327,95	479,06	1.122,81

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 7/2012 do Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, no procedemento 927/2010, sobre reco-

ñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Nuria Vilasoa Núñez (DNI 34893655-X, en relación coa sentenza nº 539/2011 de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2009, por importe de 7.485,38 €, máis 1.497,00 € fixados para intereses e costas provisionais.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (479,06 €) e IRPF (1.122,81 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 000712. (5.883,51 € de principal e 1.497,00 € de intereses que deberá percibir a traballadora)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, así como a efectuar a correspondente alta polo período de 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2009.

CUARTO .- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe da Área de Servizos Xedrais, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(145).- RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D. FRANCISCO JOSÉ MARTÍNEZ PALACIAN. EXPTE. 22784/220.

Dáse conta do informe-proposta do secretario (suplente) do órgano de selección para a provisión dunha praza de técnico superior de Arquivos da Oferta de Emprego público do Concello de Vigo do ano 2008, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. En datas 12.01.2012 e 13.01.2012 tivo lugar, na Sala Anexa ó Pleno da Casa do Concello de Vigo, a lectura pública do primeiro exercicio da oposición á praza de Técnico superior de Arquivos, realizado o pasado 21.12.2011 na Sala de Audiovisuais Areal, situada na rúa Oporto nº 1 de Vigo.

Trátase dunha praza de funcionario de carreira vacante no cadro de persoal do Concello de Vigo, enmarcada no grupo A; subgrupo A1; escala de Admón. especial; subescala servizos especiais; clase cometidos especiais. Figura incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) do Concello de Vigo correspondente ó exercicio de 2008.

I.2. O primeiro exercicio deste proceso selectivo, teórico, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistiu en desenvolver por escrito, durante un periodo máximo de tres (3) horas, cinco (5) temas extraídos ó chou dos que figuraban como anexo ás Bases; un (1) do temario común para o subgrupo A1 de titulación e catro (4) do temario específico.

Os temas seleccionados mediante sorteo foron os seguintes:

A) TEMAS XERAIS (Temas 1-18):

«Tema 16: Os bens das entidades locais: concepto. Clases. Bens de dominio público local. Bens patrimoniais locais».

B) TEMAS ESPECÍFICOS (Temas 1-72):

«Tema 3: O documento. Concepto, clases. Características internas e externas: a produción documental».

«Tema 27: A microfilmación de fondos bibliográficos históricos para a súa conservación».

«Tema 33: Documentos audiovisuais, sonoros e fotográficos. Clases e características. O seu tratamento arquivístico».

«Tema 57: Museos municipais. Características, temáticas».

I.3. A teor do establecido na Base específica V (“Exercicios da oposición”) e mediante anuncio da secretaría deste Órgano de selección de data 23.12.2011, publicado para o efecto no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e na web municipal, convocouse ós aspirantes que alí se relacionaban para a lectura en sesión pública dos seus respectivos exercicios, segundo o resultado do sorteo realizado tamén o 21.12.2011 para determinar a orde de lectura.

Dita lectura tería lugar, como xa se dixo, os días 12 e 13 de xaneiro de 2012 na Sala Anexa ó Pleno, no 1º andar da Casa do Concello de Vigo

I.4. Na sesión do 12.01.2012 leron os seus exercicios os catro (4) aspirantes convocados para ese día; a saber: D. Íñigo Ramón Pérez Ochoa (DNI 52.449.286-V), D. Benito Ramírez Abal (DNI 44.086.242-A), D. Rodrigo Silva Poceiro (DNI 78.737.897-L) e D^a. Ana M^a Álvarez Villar (DNI 36.049.744-G). Así figura na correspondente Acta do Órgano de selección (páx. 2).

I.5. Na sesión do 13.01.2012 compareceron á lectura pública catro (4) dos cinco (5) aspirantes convocados: D. Joaquín Araújo Seoane (DNI 76.911.700-E), D. Rubén Gómez de Paz (DNI 36.152.137-R), D^a. Yolanda Lois Peón (DNI 53.611.073-M) e D. Francisco José Martínez Palacián (DNI 36.117.393-X). Así consta tamén na Acta do Órgano de selección desa data (páx. 2).

Non compareceu á lectura do seu exercicio a aspirante D^a. Silvia Arca Somoza (DNI 53.114.477-W), polo que, de acordo co previsto na Base xeral décima (Apdo. 10.1.pfo.2º), foi declarada como “NON APTA” e, polo tanto, eliminada do proceso selectivo. Así se fixo constar, literalmente, na Acta do Órgano de selección do 13.01.2012 (páx. 2).

I.6. Concluída a lectura de todos os exercicios polos candidatos, o Tribunal procedeu a cualificalos outorgando as seguintes puntuacións:

Nº	APELIDOS	NOME	D.N.I.	TOTAIS
1	ALVAREZ VILLAR	ANA MARÍA	36049744G	NON APTA
2	ARAUJO SEOANE	JOAQUIN	76911700E	5'13
3	ARCA SOMOZA	SILVIA	53114477W	NON APTA
4	GÓMEZ DE PAZ	RUBEN	36152137R	NON APTO
5	LOIS PEÓN	YOLANDA	53611073M	5,65
6	MARTINEZ PALACIAN	FRANCISCO JOSE	36117393X	NON APTO
7	PÉREZ OCHOA	IÑIGO RAMÓN	52449286V	NON APTO
8	RAMÍREZ ABAL	BENITO	44086242A	NON APTO
9	SILVA POCEIRO	RODRIGO	78737897L	NON APTO

O resultado deste primeiro exercicio da oposición foi publicado regulamentariamente no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e na web municipal o 13.01.2012 no sitio <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=85&lang=ga>

I.7. En data 17.01.2012 tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo un escrito (Doc. nº 120004935) asinado polo aspirante D. Francisco José Martínez Palacián (DNI 36.117.393-X), formulando "Recurso de reposición" contra: «resolución de puntuación del 1º Ejercicio para Técnico Superior de Archivos de la Oferta de Empleo Público de 2008».

Fundamenta o seu recurso no motivo único seguinte:

«Por no constar los no presentados, así como por dar a no presentados como no aptos, caso único en las calificaciones de los procesos selectivos en marcha».

I.8. Remitido polo Servizo de Recursos Humanos do Concello de Vigo o escrito de recurso ó técnico que subscribe, na miña condición de secretario (suplente) do Órgano encargado de seleccionar mediante oposición libre a un Técnico superior de Archivos da OEP 2008, emito o seguinte informe xurídico a teor do previsto na Base xeral 8.1 pfo. 5, segundo a que correspóndelle ós secretarios, entre outras funcións, a de emitir informe xurídico en relación cos recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e acordos dos Órganos de selección.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).
- EBEP (L.7/2007, do 12 de abril, Estatuto básico do Empregado público).
- L.30/1984, do 2 de agosto, Lei de reforma da función pública.

- RD.364/1995, do 10 de marzo, Regulamento xeral de ingreso do persoal ó Servizo da Admón. Xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Admón. Xeral do Estado.
- RD.896/1991, do 7 de xuño, polo que se fixan as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Admón. Local.
- Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, Texto refundido da Lei da función pública de Galicia.
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- Bases xerais e específicas da OEP 2008 do Concello de Vigo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010 e publicadas no DOG nº 221, do 17.11.2010.

III. INFORME

III.1. O recurso presentado por D. Francisco José Martínez Palacián diríxese contra o acto do referido Órgano de selección consistente en outorgar as puntuacións do 1º exercicio da proba selectiva realizada o 21.12.2012 «Por no constar los no presentados, así como por dar a no presentados como no aptos...».

III.2. Desde o punto de vista formal, apreciase un evidente erro na cualificación do recurso, xa que, como é ben sabido, contra as resolucións e actos de trámite cualificados dos órganos e tribunais de selección de persoal que non poñen fin á vía administrativa procedería, de ser o caso, a interposición únicamente do recurso de alzada e non do potestativo de reposición (Arts. 109 e 114 LRX-PAC). Con todo, o erro na cualificación do recurso por parte do recorrente non sería obstáculo para a súa tramitación nin determinaría a automática desestimación do mesmo, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (Art. 110.2 LRX-PAC).

III.3. Pois ben, examinado o motivo alegado polo Sr. Martínez Palacián para fundamentar o seu recurso, este debería ser expresamente desestimado con base nos seguintes argumentos:

- 1) Tal como se indicou nos Antecedentes deste informe, consta fidedignamente nas Actas do Órgano de selección de datas 12.01.2012 e 13.01.2012 a relación dos aspirantes presentados á lectura pública do primeiro exercicio da oposición: os catro (4) convocados para a sesión do 12.01.2012 (D. Íñigo Ramón Pérez Ochoa (DNI 52.449.286-V), D. Benito Ramírez Abal (DNI 44.086.242-A), D. Rodrigo Silva Poceiro (DNI 78.737.897-L) e Dª. Ana Mª Álvarez Villar (DNI 36.049.744-G) e catro (4) dos cinco (5) citados para a o día 13.01.2012 (D. Joaquín Araújo Seoane (DNI 76.911.700-E), D. Rubén Gómez de Paz (DNI 36.152.137-R), Dª. Yolanda Lois Peón (DNI 53.611.073-M) e D. Francisco José Martínez Palacian (DNI 36.117.393-X).

A respecto da aspirante non presentada, fíxose constar literalmente o seguinte:

«Non compareceu á lectura pública do seu exercicio a aspirante Dª. Silvia Arca Somoza (DNI 53.114.477-W), polo que, de acordo co previsto na Base xeral décima (Apdo. 10.1.pfo.2º), será de clarada como "NON APTA" e, polo tanto, eliminada do proceso selectivo».

- 2) Dispón efectivamente a Base xeral décima (Apdo. 10.1.pfo.2º) das Bases xerais polas que se rexe este proceso selectivo que: «O exercicio teórico realizarase con carácter xeral por escrito. Así mesmo, o órgano de selección poderá acordar a lectura dos exercicios polos/as aspirantes unha vez finalizada a súa realización, sempre en sesión pública; no caso de que o exercicio sexa eliminatorio, o/a aspirante que non acuda á lectura pública será declarado non apto/a e, polo tanto, eliminado/a do proceso selectivo».

Tal foi o que estrictamente se resolveu por parte deste Órgano de selección en relación coa candidata non presentada, Dª. Silvia Arca Somoza, declarada correctamente como "NON APTA"; resolu-

ción, por tanto, plenamente axustada a Dereito, o que determina a necesaria desestimación do recurso administrativo interposto.

IV. CONCLUSIÓN/PROPOSTA

Vistos os feitos reseñados e os fundamentos de Dereito expostos, propónse a desestimación íntegra do escrito que a modo de recurso de alzada foi deducido en data 17.01.2012 por D. Francisco José Martínez Palacián contra o acto do Órgano de selección consistente en outorgar as puntuacións do 1º exercicio da oposición de Técnico superior de Arquivos realizado o 21.12.2012, correspondente á OEP do Concello de Vigo de 2008.

A Resolución que se adopte polo órgano competente (Art. 114.1 LRX-PAC) deberá notificarse ó recorrente con indicación de que contra a mesma non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación.

Tal é o meu informe, que someto gustosamente a calquera outra opinión mellor fundada en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(146).- RECURSO DE ALZADA CONTRA PRAZA AXUDANTE DE OFICIOS (OEP 2008) INTERPOSTO POR D. EDUARDO VICENTE BEA PUENTES. EXPTE. 22776/220.

Dáse conta do informe-proposta do secretario do Órgano de selección para a provisión de prazas de axudante de oficios dentro da Oferta de Emprego público do ano 2008, que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9 de setembro de 2011, adoptou acordo sobre aprobación provisional de admitidos e excluídos, designación de membros dos órganos de selección e determinación de lugares e datas de celebración dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, en canto á provisión das prazas de, entre outras, AXUDANTE DE OFICIOS (22 para quenda libre -1 delas para discapacitados- e 5 para promoción interna).

En data 23 de outubro de 2011 tivo lugar a primeira proba do proceso selectivo no Instituto Feiral de Vigo, consistente en contestar por escrito un cuestionario tipo de test de 30 preguntas, máis 4 de reserva.

En data 17 de novembro de 2011 tivo lugar a primeira parte do segundo exercicio e en data 2 de decembro seguinte a segunda parte deste segundo exercicio de carácter práctico.

En data 16 de decembro de 2011 tivo lugar a realización do terceiro e último exercicio da oposición, proba de coñecemento da lingua galega.

En data 26 de decembro de 2011 o Órgano de Selección, tendo rematado tódolos exercicios de que constaba a oposición, acorda propoñer ao Órgano competente, Xunta de Goberno Local, o nomeamento dos aspirantes que obtiveron as mellores puntuacións.

En data 27 de xaneiro de 2012 D. Eduardo Vicente Bea Puentes presentou no Rexistro Xeral da Subdelegación do Goberno en Ourense do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas Recurso de Alzada contra a publicación da lista de puntuacións finais e proposta de contratación o día 30 de decembro de 2011.

Segundo.- O artigo 114 da LRXAP e PAC establece que:

"1. As resolucións e actos a que se refire o artigo 107.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou. A estes efectos, os Tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outros que, no seo destas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nomeara ao presidente dos mesmos.

2. O recurso poderá interpoñerse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxera ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto recorrido será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."

En consecuencia do anterior, o Órgano de Selección encargado de xulga-las probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal laboral de 27 prazas de AXUDANTE DE OFICIOS, incluídos na Oferta de Emprego Pública correspondente ao ano 2008, na súa reunión celebrada o día 31 de xaneiro de 2012, acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución:

INFORME-PROPOSTA:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC).*

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- En data 23 de outubro de 2011 tivo lugar a realización do primeiro exercicio da oposición de Axudante de Oficios pola quenda libre, consistente en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 30 preguntas, máis 4 reservas, con tres respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo ás bases específicas.

En data 17 de novembro de 2011 tivo lugar a primeira parte do segundo exercicio e en data 2 de decembro seguinte a segunda parte deste segundo exercicio de carácter práctico.

En data 16 de decembro de 2011 tivo lugar a realización do terceiro e último exercicio da oposición, proba de coñecemento da lingua galega.

En data 26 de decembro de 2011 o Órgano de Selección, tendo rematado tódolos exercicios de que constaba a oposición, acorda propoñer ao Órgano competente, Xunta de Goberno Local, o nomeamento dos aspirantes que obtiveron as mellores puntuacións.

En data 30 de decembro de 2011 publícase na páxina web municipal un anuncio no que se contén o acordo do Órgano de Selección, e se require aos aspirantes propostos para aportar documentación, co seguinte tenor literal:

"De conformidade co disposto na base décimo terceira das xerais, os aspirantes propostos para a contratación en réxime laboral fixo, deberán presentar no Servizo de Recursos Humanos, no prazo de 20 días naturais, contados desde a presente publicación, a documentación que xustifique as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base cuarta das mesmas."

Esta base décimo terceira establece que os/as aspirantes para tomar parte nas probas só precisan manifestar na súa instancia que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base cuarta anterior, e que os aspirantes propostos para ocupar as prazas convocadas achegarán no Servizo de Recursos Humanos, dentro do prazo de 20 días naturais contados desde que se faga pública a relación de aprobados, os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base cuarta, engadindo que, se dentro do prazo indicado, os aspirantes propostos non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados.

Do anteriormente dito dedúcese que a publicación da lista de aprobados é un acto de trámite que non pon fin á vía administrativa, polo que só poderá ser obxecto do recurso de alzada previsto no artigo 114 e ss. da LRXAP e PAC. O acto que pon fin a vía administrativa será o acordo da Xunta de Goberno Local autorizando a contratación.

SEGUNDO.- O recorrente obtivo unha cualificación de 5,000 puntos no primeiro exercicio, 5,500 puntos no segundo, e 2,000 puntos no terceiro, ao ter acreditado estar en posesión do título CELGA esixido, obtendo unha puntuación total de 12,500 puntos, polo que foi incluído na relación complementaria de aspirantes que seguen aos propostos, para formar parte da lista de substitucións, ocupando o lugar número 63 desta lista por orde de puntuación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos arts. 114 e 115 da LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- O recorrente, no seu escrito, basea o seu recurso nunha serie de feitos que nada teñen que ver co acto de trámite impugnado.

E así sinala, en primeiro lugar, a falta de competencia do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal para realizar a convocatoria. A devandita convocatoria foi publicada no BOE nº 112, de data 11/05/2011. Resulta evidente que o acto de trámite que se impugna neste intre non ten relación directa con este motivo. En todo caso, a falta de competencia á que alude no seu recurso tería que tela impugnado no seu momento, ou, esperar a que se produza unha resolución que poña fin á vía administrativa.

En canto ao segundo motivo relativo á composición do Órgano de Selección e substitución de algún dos seus membros, tampouco é un motivo que teña relación directa co acto de trámite impugnado neste intre. E así, temos que facer constar que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de outubro de 2011, adoptou acordo no que aceptaba a renuncia presentada por determinados membros que tiñan sido nomeados para formar parte de distintos Órganos de Selección (en concreto do que nos ocupa), dando conformidade á proposta para as substitucións dos membros integrantes efectuada polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, contida en instrución de data 13 de outubro de 2011. No caso do Órgano de Selección de Axudante de Oficios foron substituídos os vogais 4º, 5º e 6º.

E no devandito acordo, facíase constar que contra o mesmo poderíase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado desde a publicación do mesmo, ou ben

recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados desde o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non tendo presentado os devanditos recursos no prazo correspondente, non é procedente alegalos agora contra un acto de trámite do Órgano de Selección.

En terceiro lugar, en relación ao desenrolo dos distintos exercicios do proceso selectivo, estes constituían por si mesmos actos de trámite que decidían directamente o procedemento e, en consecuencia, impugnables por si mesmos mediante recurso de alzada.

E así, o agora recorrente presentou diferentes escritos de reclamación relativos á convocatoria, plantilla de respostas, forma de realización do exercicio e o resultado do 2º exercicio (1ª e 2ª parte), notificándoselle o acordo do Órgano de Selección tomado en sesión de 14 de decembro polo que se desestimaban as súas alegacións e se lle comunicaba a posibilidade de presentar recurso de alzada no prazo de un mes ou contencioso administrativo no prazo de dous meses contra ese acordo, cousa que non fixo.

É dicir, que o agora reclamante xa presentou reclamacións contra cada acto de trámite en concreto, alegando contra o acto agora recorrido motivos que nada teñen que ver co acto que recorre.

TERCEIRO.- Como se pode ver nos seus fundamentos xurídicos, o que solicita o recorrente e a nulidade ou subsidiariamente a anulabilidade do proceso selectivo por defecto de forma, retrotraéndose ao anuncio da convocatoria en data 11 de maio de 2011.

E o que se está impugnando é un acto de trámite publicado en data 30 de maio de 2011, que recolle o cadro de puntuacións finais e unha proposta ao Órgano competente para o nomeamento dos aspirantes que obtiveron as mellores puntuacións, así como a lista de substitucións, e un anuncio para que os aspirantes propostos, antes do nomeamento, aporten a documentación correspondente.

E o recorrente non alega ningún motivo de impugnación deste acto concreto, senón motivos de impugnación que tería que ter alegado en recursos contra os actos de trámite dos que trae causa, ou, en todo caso, alegalos cando se produza o acto administrativo definitivo de nomeamento dos aspirantes propostos polo Órgano de Selección.

CUARTO.- O artigo 107.1 da LRXAP e PAC establece que contra as resolucións e actos de trámite poderá interporse polos interesados o recurso de alzada, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei.

Non fundamentando o recorrente ningún dos motivos sinalados nos devanditos artigos, procede desestimar o recurso de alzada interposto contra a publicación o día 30/12/2011 da proposta do Órgano de Selección de data 26/12/2011, xa que ningún dos motivos alegados polo recorrente ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acto que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal

QUINTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada interposto contra a publicación o día 30 de decembro de 2011 do acordo do Órgano de Selección en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2011.

Por todo o anteriormente exposto, *proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

Esta base décimo terceira establece que os/as aspirantes para tomar parte nas probas só precisan manifestar na súa instancia que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base cuarta anterior, e que os aspirantes propostos para ocupar as prazas convocadas achegarán no Servizo de Recursos Humanos, dentro do prazo de 20 días naturais contados desde que se faga pública a relación de aprobados, os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base cuarta, engadindo que, se dentro do prazo indicado, os aspirantes propostos non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, no poderán ser nomeados.

Do anteriormente dito dedúcese que a publicación da lista de aprobados é un acto de trámite que non pon fin á vía administrativa, polo que só podería ser obxecto do recurso de alzada previsto no artigo 114 e ss. da LRXAP e PAC. O acto que pon fin a vía administrativa será o acordo da Xunta de Goberno Local autorizando a contratación.

En virtude do disposto no artigo 110.2 da LRXAP e PAC que establece que "O erro na cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.", temos que entender que, aínda que o recorrente cualifica o seu recurso como de REPOSICIÓN, o que verdadeiramente quere interpoñer é un recurso de ALZADA, e así procederemos a súa tramitación.

SEGUNDO.- O recorrente obtivo unha cualificación de 5,833 puntos no primeiro exercicio, 5,000 puntos no segundo, e 2,000 puntos no terceiro, ao ter acreditado estar en posesión do título CELGA esixido, obtendo unha puntuación total de 12,833 puntos, polo que foi incluído na relación complementaria de aspirantes que seguen aos propostos, para formar parte da lista de substitucións, ocupando o lugar número 60 desta lista por orde de puntuación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos arts. 114 e 115 da LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- O recorrente, no seu escrito, basea o seu recurso na infracción dos principios de transparencia e imparcialidade e profesionalidade dos membros do órgano de selección, xa que durante a realización do primeiro e segundo exercicio o anonimato dos aspirantes non se preservou, xa que tiveron que identificar os seus exames co seu nome e apelidos, así como asinalo.

E é de ter en conta que na Acta da sesión celebrada o día 28 de outubro de 2011 por este Órgano de Selección, ao obxecto de proceder á corrección do primeiro exercicio da oposición, facíase constar o seguinte:

"Procedeuse en primeiro lugar á apertura da caixa que contiña os exames, e, posteriormente ao escaneado das follas de resposta e demais pasos do proceso contido na recomendación do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal e o Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, de data 05/04/11, que se axunta a esta Acta.

O proceso realizouse con mínimas incidencias no paso sinalado co número 3, que foron subsanadas da forma prevista na devandita recomendación.

Finalizado este proceso o programa informático asigna a cada un dos exercicios identificados por un código a nota que lle corresponde, indicando o número de preguntas ben contestadas, as mal contestadas e as deixadas en branco. A corrección informática garante o anonimato dos aspirantes neste proceso de corrección conforme ao regulado na base décimo sétima das xerais, xa que o proceso é automático. Axúntase a esta Acta o listado resultante, que contén o código de cada plantilla de respostas, co seu respectivo número de respostas ben, mal e non contestadas, e a nota que lle corresponde."

E, en canto á primeira parte do segundo exercicio (identificación dunha serie de ferramentas ou accesorios relacionadas coas materias citadas, mediante a súa representación gráfica), dada as súas características non se puido realizar mediante o sistema de corrección automática, mais a súa corrección levouse a cabo de maneira totalmente independente, non presentándose no prazo de tres días hábiles ningunha reclamación neste senso.

É de ter en conta que o recorrente non realizou ningunha advertencia, queixa ou reclamación a este Órgano de Selección no momento da celebración do exercicio, e só con posterioridade a coñecer as súas cualificacións presenta o presente recurso.

Entende o que subscribe que o autor do recurso podería incorrer en infracción do principio contido no artigo 7.1 do Código civil, en canto a que os dereitos deberán exercitarse conforme ás esixencias da boa fe, xa que só cando coñece as súas cualificacións, na que obtén o posto número 85 de tódolos aspirantes por orde de puntuación, o que significa non ser proposto para nomeamento entre os 25 primeiros e ocupar o posto número 60 na lista de substitucións, presenta o recurso, non facendo mención en ningún momento a unha posible manipulación do seu concreto exercicio. E, como establece o número 2 do devandito artigo, a lei non ampara o abuso do dereito ou o exercicio antisocial do mesmo, circunstancia que se daría respecto aos demais aspirantes que obtiveron unha cualificación superior e o seu recurso supuxera ter que realizar de novo o exame.

E, ademais, o recorrente non aporta ningunha proba e nin tan sequera un indicio de que o Órgano de Selección tivese actuado de forma parcial ou interesada, baseando a súa queixa nunhas meras apreciacións subxectivas que poñen en dúbida a independencia e rigor dos membros do Órgano de Selección, nos que non concorre ningunha das circunstancias de abstención ou recusación previstas na Base 8.4.3 das Xerais que rexen esta Oferta de Emprego.

TERCEIRO.- O artigo 107.1 da LRXAP e PAC establece que contra as resolucións e actos de trámite poderá interporse polos interesados o recurso de alzada, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei.

Non fundamentando o recorrente ningún dos motivos sinalados nos devanditos artigos, senón, en todo caso, un mero xuízo persoal sobre a actuación do Órgano de Selección, manifestamente carente de fundamento, procede desestimar o recurso de alzada interposto contra a publicación o día 30/12/2011 da proposta do Órgano de Selección de data 26/12/2011, xa que ningún dos motivos alegados polo recorrente ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acto que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal

CUARTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de Selección en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2011.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

"ÚNICO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Daniel Balseiro Rodríguez, contra a publicación o día 30/12/2011 da proposta do Órgano de Selección de data 26/12/2011, encargado de xulga-las probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal laboral de vintasete prazas de AXUDANTE DE OFICIOS (22 para quenda libre -1 delas para discapacitados- e 5 para promoción interna), incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, por canto ningún dos motivos alegados polo recorrente ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acto que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no artigo 107.1 do citado texto legal."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

53(176).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA D^a BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ. EXPTE. 22794/220.

Dáse conta do decreto de data 17.01.12, no que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve o seguinte:

DECRETO

En data 9 de decembro de 2011, o Concelleiro delegado da Area de Industria, Comercio, Turismo e Pemes solicita a realizacion dunha encomenda de funcions relativa a xestion do patrimonio municipal de mercados, a funcionaria D^a Beatriz Barbara Rodriguez, Tecnica de Admon xeral adscrita ao servizo de Contratacion, con numero de persoal 79572.

Dada a necesidade de manter o correcto funcionamento do Servizo, e co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcions, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; tendo en conta a previa experiencia da funcionaria proposta para a realizacion da acumulacion de funcions, que xa realizou ditas funcions en anteriores ocasións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a funcionaria municipal D^a Beatriz Barbara Rodriguez, Tecnica de Admon Xerla adscrita ao Servizo de Contratacion, con numero de persoal 79572, as funcions relativas a xestion do patrimonio municipal de mercados, compatibilizando ditas funcions coas propias do seu posto de traballo, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter estritamente provisional.

Segundo.- A dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á correspondente reasignación de efectivos e en todo caso ata 31 de xullo do presente ano 2012, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicacion horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensacion ou redución de xornada nin aboable.

Terceiro.- Da presente resolución, dése traslado ao interesado, concelleiro/as-delegado/as das Áreas, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

54(177).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS AO FUNCIONARIO D. ALFONSO BERROS PÉREZ. EXPTE. 22793/220.

Dáse conta do decreto de data 27.01.12, no que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve o seguinte:

En data 22 de decembro de 2011, o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras co conforme do Concellerío-delegado da Area, solicita que ao funcionario municipal D Alfonso Berros Pérez, técnico medio de Vías e Obras con número de persoal 78966, continue co desempeño das funcións encomendadas de xeito provisional en resolución de data 10 de agosto de 2011, en tanto non se cree na plantilla municipal o posto de enxeñeiro técnico para a dirección e coordinación do Taller de Vías e Obras, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2012 .

Segundo resolucions do Concellerío de Xestión Municipal de data 22 de outubro de 2010 e 28 de xaneiro de 2011e 10 de agosto de 2011, o devandito funcionario ven desempeñando as funcións de dirección e coordinación do Taller de Vías e Obras xunto coas súas funcións de supervisión e control de servizos no termo municipal de Vigo no Servizo de Vías e Obras.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario municipal D Alfonso Berros Pérez, técnico medio de Vías e Obras, adscrito a dito servizo, con número de persoal 78966, funcións dirección e coordinación do taller de Vías e Obras, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura da Area.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto, e como máximo ata o 31 de decembro de 2012, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución dese traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura do Servizo de Vías e Obras, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

55(178).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á SOCIEDAD CULTURAL COMISIÓN DE FIESTAS DE LA CONSOLACIÓN CONSTITUÍDA POLA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA 2011. EXPTE. 81776/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transportes, do 30.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do importe en metálico achegado en data 20 de maio de 2011 pola Sociedad Cultural Comisión de Fiestas de la Consolación NIF G 36633030 , por un importe de 7103,20 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da Festa da Consolación de Coia celebrada os días 01 ao 05 de xullo , xa que da cantidade achegada (8000 €) , haberá que descontar 896,80 € polos danos da rotura de aspersores e reposición de baldosas na zona onde se celebrou a festa.

56(179).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á SÁNCHEZ ALVAREZ S.L. CONSTITUÍDO POR OBRAS NA PRAZA DE COMPOSTELA 37. EXPTE. 81888/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transportes, do 30.01.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 05 de abril de 2006 por parte de Sánchez Álvarez, S.L., con NIF B36012540, por un importe de 6.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo das obras realizadas na Praza de Compostela, 37 por parte de Sánchez Alvarez, S.L., por non producirse danos.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

57(180).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E OS CENTROS DE ESTUDIOS MEGA E CEICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS. EXPTE. 8732/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.02.12, e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 30.01.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre D Santos Hector Rodríguez Díaz, Concelleiro delegado de Area de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e D. Giovanni Giardina Fernández, Administrador de Centro de Estudios Informáticos, Contables y Administrativos, S.L.,(CEICA, S.L) e Dna. Emma Martíns Garbín, Administradora de Estudios Mega, S.L., para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD.

2º.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenrolo do mesmo.

3º.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE CENTRO DE ESTUDIOS INFORMÁTICOS, CONTABLES Y ADMINISTRATIVOS, S.L. E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PRÁCTICAS PROFESIONALES NON LABORALES INCLUIDAS NO PROGRAMA

FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD (Accións Formativas para Desempregados) segundo as bases reguladoras da orde de 30 de decembro de 2011.

Vigo,

REÚNENSE:

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de data 13 de xuño de 2011

Da outra, D. Giovanni Giardina Fernández, Administrador de Centro de Estudios Informáticos, Contables y Administrativos, S.L., en adelante CEICA, S.L. con CIF B-36.858.074 y domicilio en C/. San Roque, 109 - interior de Vigo, CP 36205, que actúa en nome e representación da mesma inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, por D. Mariano Vaqueiro Rumbao, por tempo indefinido en el Tomo: 2370, Libro: 2370, Folio: 50, Hoja: PO-24321, Inscripción: 1ª.

Ámbas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

EXPOÑEN

Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxectivo do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD segundo as bases reguladoras da Orde de 30 de decembro de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos AFD.

CLÁUSULAS

Primeira.- O alumnado dos cursos AFD desenvolverán actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, ésta será polo tanto estrictamente académica.

Segunda.- O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.

Terceira.- O número de alumnos en prácticas será determinado de mútuo acordo, entre ambas-las partes.

Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fora do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDAD CIVIL a favor do alumno, contratada por CEICA, S.L. e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno baixo ningún concepto, podrá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.

O Concello de Vigo en ningún caso asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.

Sexta.-Número de prazas

O Concello de Vigo acollerá de 1 a 6 alumnos do Centro CEICA, S.L. en calidade de estada de prácticas.

Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

Sétima.- Numero de horas e horario

As prácticas que realicen os alumnos constarán de 120 horas e realizaranse en horario de 8.45 h a 14.30 h.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

a) Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

d) Mútuo acordo entre CEICA, S.L., adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa. Igualmente poderase rescindir para un alumno, ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requerir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sin que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación fehaciente a CEICA, S.L.

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2012, sen perxucio de que se prorrogue automáticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

POLO CONCELLO DE VIGO

Por CEICA, S.L.

O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá
e Voluntariado

O Xerente

Santos Hector Rodríguez Díaz

Giovanni Giardina Fernández

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTUDIOS MEGA, S.L. E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PRÁCTICAS PROFESIONALES NON LABORALES INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD (Accións Formativas para Desempregados) segundo as bases reguladoras da orde de 30 de decembro de 2011.

Vigo,

REÚNENSE:

Por unha parte, D. Carlos Lopez Font, Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, en representación do Concello de Vigo con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de data 13d e xuño de 2011

Da outra, Dna. Emma Martíns Garbín, Administradora de Estudios Mega, S.L., con CIF B-36.964.542 y domicilio en Avda. Castrelos, 20 – 1º de Vigo, CP 36210, que actúa en nome e representación da mesma inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, por D. Francisco Fernández Iñigo, por tempo indefinido en el Tomo: 3151, Libro: 3151, Folio: 217, Hoja: PO-39063, Inscripción: 1ª.

Ámbas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

EXPOÑEN

Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxectivo do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD segundo as bases reguladoras da Orde de 30 de decembro de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos AFD.

CLÁUSULAS

Primeira.- O alumnado dos cursos AFD desenvolverán actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, ésta será polo tanto estrictamente académica.

Segunda.- O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.

Terceira.- O número de alumnos en prácticas será determinado de mútuo acordo, entre ambas partes.

Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fora do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDAD CIVIL a favor do alumno, contratada por ESTUDIOS MEGA, S.L. e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno baixo ningún concepto, podrá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.

O Concello de Vigo en ningún caso asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.

Sexta.-Número de prazas

O Concello de Vigo acollerá de 1 a 10 alumnos do Centro Estudios Mega, S.L. en calidade de estada de prácticas.

Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

Sétima.- Numero de horas e horario

As prácticas que realicen os alumnos constarán de 120 horas e realizaranse en horario de 8.45 h a 14.30 h.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convido e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

a) Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

d) Mútuo acordo entre Estudos Mega S.L., adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa. Igualmente poderase rescindir para un alumno, ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requirir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sin que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación fehaciente a ESTUDOS MEGA, S.L.

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2012, sen perxucio de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

58(181).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA EQ2B CONSULTING TECNOLÓGICO S.L. PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS. EXPTE. 8740/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.02.12, e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 30.01.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre D Santos Hector Rodríguez Díaz, Concelleiro delegado de Area de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e

Dona Montserrat Abou Algar con D.N.I. 46.046.166-M en representación do centro colaborador de formación ocupacional EQ2B CONSULTING TECNOLÓGICO S.L., para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD.

2º.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenrolo do mesmo.

3º.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS,
DENTRO E A MAIORES DO PROGRAMA FORMATIVO PARA ALUMNOS DO PLAN AFD*

Vigo, 31 de xaneiro do 2012

REUNIDOS

Don Abel Ramón Caballero Álvarez con D.N.I. nº 33.178.679 - Y como Alcalde do Concello de Vigo, con C.I.F: P – 3605700 – H con enderezo na Praza do Rei, nº1 C.P.:36202, Vigo, Pontevedra.

Dona Monserrat Bou Algar con D.N.I. 46.046.166-M como representante legal de EQ2B CONSULTING TECNOLÓGICO S.L. con C.I.F. B-36.488.765 domiciliada na rúa Magnolio nº 9, baixo Pontearreas.

DECLARAN

PRIMEIRO.- Que segundo establece a Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2012 a parte práctica dos programas dos cursos poderá realizarse en empresas coas que se celebren os oportunos convenios de colaboración, directamente ou a través da organización empresarial correspondente.

SEGUNDO.- Que o obxecto do presente convenio é facilitarles aos alumnos do curso "INTERPRETACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL" solicitado polo CONCELLO DE VIGO na comarca de VIGO a realización de prácticas en EQ2B e conseguir, deste xeito, unha mellor formación polo contacto co ambiente real de traballo; así como apoiar e colaborar na impartición dos contidos prácticos de dito curso.

ACORDAN

PRIMEIRO.- As prácticas non laborais desenvolveranse na EQ2B especificada neste convenio de colaboración.

- *Prácticas non laborais en empresas dentro e a maiores das establecidas no programa formativo do curso.*

SEGUNDO.- Na realización das prácticas non laborais terase en conta a normativa de seguridade e hixiene no traballo aplicable.

TERCEIRO.- A Empresa EQ2B comprométese a acollida dos alumnos do curso nomeado para a realización das prácticas, poñendo a disposición as súas instalación e equipamento para a realización dos contidos prácticos do mesmo. O CONCELLO DE VIGO proporcionarlle a empresa EQ2B antes do inicio das prácticas, a relación nominal de ditos alumnos, especificando o nome, apelidos e D.N.I.

CUARTO.- Non existirá relación laboral entre a empresa asinante deste convenio e os alumnos acollidos ó programa de prácticas non laborais.

A realización das prácticas nos centros de traballo dependentes da citada empresa en ningún caso suporá a substitución do persoal con relación laboral coa empresa asinante deste convenio.

QUINTO.- Non existirá compensación económica algunha por parte do concello de Vigo cara a entidade na que os alumnos realizan as prácticas .

SEXTO.- Para a realización das prácticas non laborais os alumnos estarán cubertos, con cargo a EQ2B Consulting Tecnológico S.L., cun seguro de accidentes que amparará a realización das mesmas, así como dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte ós riscos que para os bens e as persoas poidan derivarse da realización das prácticas.

SÉTIMO.- O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio será causa da súa rescisión.

*CONCELLO DE VIGO.
O Alcalde*

EQ2B CONSULTING TECNOLÓGICO S.L.

Abel Ramón Caballero Álvarez

Montserrat Bou Algar

59(182).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA JUMER 2 CENTRO DE ESTUDIOS S.L. PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS. EXPTE. 8737/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.02.12, e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 30.01.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre D Santos Hector Rodríguez Díaz, Concelleiro delegado de Area de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Conce-

llo de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e D. Don Manuel Rodríguez Sedano con D.N.I. 13.701.611-M en representación do centro colaborador de formación ocupacional JUMER 2 CENTRO DE ESTUDIOS, S.L., para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD.

2º.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenrolo do mesmo.

3º.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS, DENTRO E A MAIORES DO PROGRAMA FORMATIVO PARA ALUMNOS DO PLAN AFD

En Vigo a 31 de xaneiro do 2012

REUNIDOS

Don Abel Ramón Caballero Álvarez con D.N.I. nº 33.178.679 - Y como Alcalde do Concello de Vigo, con C.I.F: P – 3605700 – H con enderezo na Praza do Rei, nº1 C.P.:36202, Vigo, Pontevedra.

Don Manuel Rodríguez Sedano con D.N.I. 13.701.611-M en representación do centro colaborador de formación ocupacional JUMER 2 CENTRO DE ESTUDIOS, S.L. con C.I.F. número B-27.173.319 domiciliada en rúa Montirón nº 12 - 14 entrechán, 27002 - Lugo.

DECLARAN

PRIMEIRO.- Que segundo establece a Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2012 a parte práctica dos programas dos cursos poderá realizarse en empresas coas que se celebren os oportunos convenios de colaboración, directamente ou a través da organización empresarial correspondente.

SEGUNDO.- Que o obxecto do presente convenio é facilitarles aos alumnos do curso “Administración de servizos de internet” solicitado por JUMER 2 CENTRO DE ESTUDIOS na comarca de VIGO a realización de prácticas no CONCELLO DE VIGO e conseguir, deste xeito, unha mellor formación polo contacto co ambiente real de traballo; así como apoiar e colaborar na impartición dos contidos prácticos de dito curso.

ACORDAN

PRIMEIRO.- As prácticas non laborais desenvolveranse no CONCELLO DE VIGO especificada neste convenio de colaboración.

e)Prácticas non laborais en empresas dentro e a maiores das establecidas no programa formativo do curso.

SEGUNDO.- Na realización das prácticas non laborais terase en conta a normativa de seguridade e hixiene no traballo aplicable.

TERCEIRO.- O CONCELLO DE VIGO ten a vontade de acoller aos alumnos do curso nomeado para a realización das prácticas non remuneradas, poñendo a disposición as súas instalación e equipamento para a realización dos contidos prácticos do mesmo. JUMER 2 CENTRO DE ESTUDIOS proporcionaralle ao CONCELLO DE VIGO antes do inicio das prácticas, a relación nominal de ditos alumnos, especificando o nome, apelidos e D.N.I.

CUARTO.- Non existirá relación laboral entre a empresa asinante deste convenio e os alumnos acollidos ó programa de prácticas non laborais.

A realización das prácticas nos centros de traballo dependentes da citada empresa en ningún caso suporá a substitución do persoal con relación laboral coa empresa asinante deste convenio.

QUINTO.- Non existirá compensación económica algunha por parte de JUMER cara a entidade na que os alumnos realizan as prácticas .

SEXTO.- Para a realización das prácticas non laborais os alumnos estarán cubertos, con cargo a JUMER, cun seguro de accidentes que amparará a realización das mesmas, así como dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte ós riscos que para os bens e as persoas poidan derivarse da realización das prácticas.

SÉTIMO.- O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio será causa da súa rescisión.

CONCELLO DE VIGO.
O Alcalde

JUMMER 2

Abel Ramón Caballero Álvarez

Asdo.: Manuel Rodríguez Sedano

60(183).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Isaura Abelairas Rodríguez.